

Ofrecémosche, querido amigo e compañeiro, desde a Asociación de Escritores en Lingua Galega, o noso abrazo fraterno ao che entregar este “E” de escritor que a túa obra debuxou e sostén no máis alto. E hoxe, no sosego, da idade te recoñecemos publicamente, aínda que xa no día a día a túa humildade e tenrura do teu ser fixera e faga fai que creamos no máis humano do ser dos galegos.

Convocámonos aquí, no corazón da nación, que o Camiño de Santiago pousa os pés delicadamente para que nada sexa mancado.

Convocamos todos os vellos oficios da nosa estirpe que che deron o noso saber tradicional e con el o idioma que foi nacendo ao quentor humano da oralidade: Colmeneiros do Cebreiro. Teitadores de pallozas. Canteiros de Cerdedo e Melide os pedreiros de a Agolada os muiñeiros do Rosal. Os cesteiros de Mondariz. Os cereiros de Terra de Montes os ferradores de Penaporrín e os aceiteiros de Quiroga.

Posúes o noso saber ancestral que como o río bagacento vai sedimentando capa a capa o limo do idioma. Mais o que fai especialmente importante este teu saber é que o incorporas á nosa modernidade, que non fica como saber arqueoloxicamente constituído. Fas deste saber antigo parte do noso saber contemporáneo ao o incorporares á túa obra e o facer participe do máis actual no teu narrar, ao faceres participe das razóns a as causas do noso tempo. Velaí o importante: facer do saber máis antigo no que está depositada a nosa identidade instrumento na nosa contemporaneidade.

O tempo adormece e crea de novo a palabra que comunica e nos dá o coñecemento, o teu verso tende para nós panos de nube onde escribir, onde acariñamos a herba e a flor, o río Furelos lévanos ao lonxe ate un día se facer onda nos areais de Cangas, abrílle as portas á chuvia, ou luz do solpor será po dourado a escrita permítenos falar con quen nos ten soñado, fainos presenza na historia do humano que se está a realizar en nós na medida que conquistamos anacos do noso futuro.

Acompañamos a túa prosa na que está tatuada a memoria do idioma

Que ule a aloumiño.
Que é compañeiro de fino balouco.
O fino pano no que a luz esmora.
Bate a mao nas paredes do tempo.
O tempero do idioma.

É idioma que aguanta sen desmaio o corisco da desgaleguización e nos ofrece auga fresca para a moita sede.

Palabra túa que relampa e ten memoria de noso.